

A ÚLTIMA GUERRILLEIRA

A enerxía máis ousada, a intelixencia brillante, a rebeldía indomable de Enriqueta Otero foi vencida pola morte, que nunca se nos amosou tan inexorable. Porque se alguén podería resistir mesmo á morte, sería esta gran muller.

Unhas muletas, un recordo vivo. O de aquela triste noite nos montes de Lugo, en que decenas de gardas civís rodearon a casa na que se agochaba. Aquela noite na que, pistola en man, saíu berrando o seu nome ó exterior da mesma, para evitar que os seus moradores foran feridos e, abatida, sentiu na caluga o frío canón dun revólver que por segundos non chegou a descargar o seu contido mortal.

Máis cunha personalidade única que se entregaba ás ideas con paixón desmedida. A paixón medráballe máis na cabeza que no corazón; era produto da coherencia. Non foi guerrilleira por acaso senón por convención ideolóxica; o seu comunismo era auténtico, reclamaba incluso a vida e non dubidou en ofrecela. Por iso, cando despois de tantos sufrimentos e loitas, saíu do cárcere, no ano 1695, e atopou amoleza, a asimilación e o conformismo, enfrontouse cos antigos compañeiros e abandonou o partido. Enriqueta comezou a guerrilla pola súa conta, sen casco nin fusil, volveu á Galiza e rabuñando a terra coas súas mans empezou facendo pozo, despois muro, e despois tellado que dera cobizo a problemas alleos e que leva a marca da comunista e da feminista Enriqueta Otero, por exemplo ensinándolle a nenos

campesiños, ata que a recoñeceron como mestra. Aquí, mentres reencontraba a imaxe da nai, de Cándida, “unha vítima do machismo, unha mártir”, como ela repetía sempre, leu e coñeceu o feminismo, comezou a frecuentar as xuntanzas das Feministas Independentes Galegas, e así mesmo, asistir a cantos encontros se celebraban de feministas independentes en toda a península. A pesar da saúde precaria e as dificultades que lle causaron as metralletas fascistas tempo atrás, non faltaba a ningunha convocatoria. Aparecía en Donostia, Andalucía ou nas lagoas de Ruidera, alí onde as feministas se xuntaban, e interviña para asombro das mulleres de toda España que non concibían unha forza semellante.

Ó mesmo tempo creaba asociacións culturais en Lugo. Sempre tivo a cultura como teima. Durante a guerra organizou as Milicias da Cultura, alternando o traballo de día no Hospital co de mestra nocturna para acabar co analfabetismo.

Chegou ó feminismo, como a todo, por dignidade humana, por coherencia existencial, por lucidez mental. Confiaba no feminismo como revolución total. A súa perspicacia asomaba as súas compañeiras, non comprendían como chegaba con tanta facilidade a conclusións que a moitas lles levaron anos de reconsideración e estudo e aínda hoxe leva a algúns. Tiña a mente preparada para as evidencias, tiña tal confianza nelas que esixía toda a dedicación. A vida

mesma. E nisto radicaba a súa intransixencia, o carácter arisco que lle dificultaba as relacións e mesmo a colaboración para levar a cabo os proxectos. Forxaba como rebelde erguida e inquebrantábel como a rocha. Non se consentía debilidades. A vida non lle permitiu cultivar os sentimentos. E este aspecto separábala das súas amigas feministas. Enfadábase moito con elas por que dicía que a vida non correspondía aos seus escritos, porque non abandonaban todo, traballo, literatura, responsabilidades maternas e domésticas polas causas feministas, pola Casa das Mulleres que era a súa obsesión.

Ela, con muletas e todo, voaba máis alto que ninguén que non conseguía desfacerse das ataduras vitais e materiais para seguila ao espacio onde habitan as auténticas revolucionarias. No caso de Enriqueta Otero ese espacio non era outro que Galiza e a loita pola Liberdade!!

Zeltia Laya 1º bac B

